

# LIED em

## ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA SANXENXO

### CURSO 2026/27

#### PLAN DE ESTUDOS

A Escola de Música Municipal de Sanxenxo ten as súas instalacións no Pazo Emilia Pardo Bazán e ofrece un plan de estudos que coordina unha formación musical para todas as idades.

MATERIAS	DURACIÓN	DESTINATARIOS	ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS
INICIACIÓN MUSICAL 1	50 min.	4º Ed. Infantil ( 3 anos )	<b>ÓBOE</b> <b>FRAUTA</b> <b>FAGOT</b> <b>CLARINETE</b> <b>SAXOFÓN</b> <b>TROMPA</b> <b>TROMPETA</b> <b>TROMBÓN</b> <b>TUBA/BOMBARDINO</b> <b>VIOLONCELLO</b> <b>CONTRABAIXO</b> <b>VIOLÍN</b> <b>GITARRA</b> <b>PIANO</b> <b>PERCUSIÓN</b>
INICIACIÓN MUSICAL 2	50 min.	5º Ed. Infantil ( 4 anos )	
MÚSICA E MOVEMENTO 1	90 min.	6º Ed. Infantil ( 5 anos )	
MÚSICA E MOVEMENTO 2	90 min.	1º Ed. Primaria ( 6 anos )	
PREPARATORIO PRIMEIRO E SEGUNDO		2º Ed. Primaria ( 7 anos )	
- Linguaxe Musical	90 min.		
- Instrumento	45 min.		
- Coro	90 min.		
TERCEIRO, CUARTO E QUINTO P.G.		Duas sesións semanais de 60 min.	
- Linguaxe Musical	60 min.		
• Lectura rítmica e teoría	60 min.		
• Educación auditiva	45 min.		
- Instrumento	90 min.		
- Coro			
MATERIAS OPCIONAIS			
- Conxunto Infantil ( Alumnado de 1º de Violoncello, Percusión e Vento )	60 min.		
- Conxunto Instrumental ( Alumnado de Violoncello, Percusión e Vento )	90 min.		

As materias de *Iniciación Musical*, *Música e Movemento* e *Linguaxe Musical* serán impartidas de maneira colectiva polo que o alumnado será encadrado en grupos segundo o seu nivel e sendo o máis homoxéneos posibles en canto a idade. As clases de *Instrumento* serán individuais.

As clases organízanse en función do calendario escolar do Concello de Sanxenxo, polo que nos períodos de vacacións de Nadal, Entroido e Semana Santa, así como festivos e non lectivos marcados no calendario como oficiais, non se impartirán clases.

#### MATRÍCULA PARA ALUMNADO DA ESCOLA

Para que a matrícula sexa tramitada deberase estar ao corrente dos pagos das taxas e/ou prezos públicos das Escolas Municipais nas que, de ser o caso, a persoa interesada estea ou estivese inscrita e/ou matriculada. O prazo de matrícula para o curso 2026/27 será entre **o 11 e o 31 de maio**.

**Antes de formalizar a matrícula deberá facerse o pago da mesma** de calquera das seguintes maneiras:

- A través da OVT do O.A. Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.ovt.gal/>) no enlace *Servizos dispoñibles sen Certificado Dixital >> Autoliquidacións* (concepto: Taxa prestación servizos (matrícula Escola Música)

- Presencialmente seguindo os seguintes pasos:
  - 1º.- Solicitando o documento de pago na Concellería de Educación no Pazo Emilia Pardo Bazán ou no correo electrónico [educacion@sanxenxo.org](mailto:educacion@sanxenxo.org)
  - 2º.- Realizando o pago en ABANCA, Banco Sabadell ou Banco Santander.

**Unha vez feito o pago deberá formalizarse a matrícula:** preferiblemente na sede electrónica do O. A. Terra de Sanxenxo: <https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal> (é necesario dispoñer de DNle, Certificado Dixital e/ou os sistemas de claves concertadas de Cl@ve) ou de maneira presencial no rexistro do Concello (R/ Madrid, 1 – Sanxenxo) de luns a venres de 9,00 h a 14,00 h.

## SOLICITUDE DE PRAZA PARA NOVO ALUMNADO

Para que as solicitudes sexan tramitadas deberase estar ao corrente dos pagos das taxas e/ou prezos públicos das Escolas Municipais nas que, de ser o caso, a persoa interesada estea ou estivese inscrita e/ou matriculada. O prazo de solicitude e matrícula será dende o **1 ao 21 de xuño**, no modelo normalizado presentándoo presencialmente no Pazo Emilia Pardo Bazán ou no enderezo electrónico [lied\\_em@sanxenxo.es](mailto:lied_em@sanxenxo.es) (dispoñible para a súa descarga no enlace <https://bit.ly/EscolaMunicipalMusicaSanxenxo>)

Unha vez confirmada a aceptación do/a alumno/a por parte da Escola deberá formalizarse a matrícula tal e como se indica no apartado anterior.

## PREZOS

As mensualidades serán aboadas ao inicio de cada mes a través de domiciliación bancaria.

MATRÍCULA		
Empadroados/as: 25,00 € -- Non empadroados/as: 31,25 €		
MENSUALIDADES		
MATERIA	Empadreado/a	Non empadreado/a
INICIACIÓN MUSICAL	20,00 €	25,00 €
MÚSICA E MOVEMENTO	25,00 €	31,25 €
INSTRUMENTO	35,00€	43,75 €
INSTRUMENTO+LINGUAXE MUSICAL	50,00 €	62,50 €
LINGUAXE MUSICAL	25,00 €	31,25 €
CORO, CONXUNTO INFANTIL E CONXUNTO INSTRUMENTAL	0,00 €	0,00 €

REDUCIÓNS
Na matrícula e mensualidades:
- Familias numerosas (deberase achegar fotocopia do título): 25%
- Familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda (deberase achegar certificado de acollemento): 100%
- Familias usuarias dos servizos básicos comunitarios do Concello de Sanxenxo en situación de vulnerabilidade: 100%
Nas mensualidades (non acumulable cos anteriores):
- Familias con dous irmáns matriculados na Escola de Musica: 20% ao segundo/a irmá/n na tarifa de menor contía.

## CAUSAS DE BAIXA E PERDA DE PRAZA

- A falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.
- A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas

## INFORMACIÓN RELEVANTE

- Os casos de problemas legais de tutela ou doutro tipo que afecten á relación materno/paterno/filial deberán comunicarse e acreditarse a través do documento legal pertinente.
- No caso de producirse algún accidente durante a actividade, a asistencia sanitaria correrá a cargo do seguro do pai/nai/titor/a do/a alumno/a.
- Nin o Concello de Sanxenxo nin o profesorado das Escolas se fan responsables do coidado do alumnado fóra do seu horario de actividade.
- As comunicacións da Escola coas familias faranse a través da aplicación TOKAPP SCHOOL. É totalmente gratuíta, rápida, segura e unidireccional. Deberán descargala no teléfono e rexistrarse.

## CONTACTO

Pazo Emilia Pardo Bazán, Trav. Miraflores, 3 – Sanxenxo / 986 72 79 36 / [lied\\_em@sanxenxo.es](mailto:lied_em@sanxenxo.es)